



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 30)

Presidenta:

D^a. M^a. del Pilar García Porto (presidenta accidental, Decreto 30-07-2021)

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e sete minutos do día **seis de agosto de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia da Deputada Provincial dona María del Pilar García Porto (decreto de 30-07-2021), por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca e da Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DE OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra CERVANTES.- Melloras locais na LU-P-1401 “Da LU-723, por Degrada e Piornedo, ao límite provincial” nos P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 E 19+100

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación co asunto que figura no epígrafe, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de xullo de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

ANTECEDENTES.

1. *Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HSHL5DQB5QTRC4Z45GBI6KY¹*

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



2. *Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: CERVANTES.- MELLORAS LOCAIS NA LU-P-1401 “DA LU-723, POR DEGRADA E PIORNEDO, AO LÍMITE PROVINCIAL” NOS P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 E 19+100 con CSV: IV7EUTBSBIXCZ3ETSV7NCQHGPU*
3. *Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7HSOZJMEXDTJM7S7UDAZKBIU*
4. *Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EULAKL4W3IWG7QZABGB7GKU*
5. *Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EULAJ2EBY76PDUMGAD3RW6Q*
6. *Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EUOI4IAJYTOG5CVXGIUHDEI*
7. *Acordo da Xunta de Goberno, de data 14/05/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EVUBY2FFIUXBLUYA56R2HGQ*
8. *Publicación, o día 14/05/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).*
9. *Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.*
10. *Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 14/06/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliábles automaticamente (sobre B), con CSV: IV7ESPP6HZW2VXR24DYEB37ROQ*
De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.
Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

CERVANTES.- MELLORAS LOCAIS NA LU-P-1401 “DA LU-723, POR DEGRADA E PIORNADO, AO LÍMITE PROVINCIAL” NOS P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 E 19+100

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

189.994,73
157.020,44 32.974,29

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

PRAZO DE EXECUCION:

3 MESES

MAXIMO

3.140,41

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído.- art 102)	Oferta (m BARREIRA SEGURIDADE MADEIRA)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/V. Estimado)	Plantel / Discapacitados
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL		179.902,80 €	0,00	530,00 €	9/0
2	CONSTRUCCIONES RAFER SL		155.795,68 €	120,00	3.140,41 €	26/0
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		182.014,96 €	20,00	439,66 €	90/2
4	OVISIA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		181.500,00 €	0,00	0,00 €	37/1
5	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		166.245,38 €	40,00	1.239,67 €	39/2
6	VAZPER 3 SL		170.805,26 €	51,00	3.140,41 €	13/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (m BARREIRA DE SEGURIDADE MADEIRA)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	179.902,80 €	22,13	0,00	0,00	530,00 €	0,84	22,97
2	CONSTRUCCIONES RAFER SL	155.795,68 €	75,00	120,00	20,00	3.140,41 €	5,00	100,00
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL	182.014,96 €	17,50	20,00	3,33	439,66 €	0,70	21,53
4	OVISIA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	181.500,00 €	18,63	0,00	0,00	0,00 €	0,00	18,63
5	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	166.245,38 €	52,08	40,00	6,67	1.239,67 €	1,97	60,72
6	VAZPER 3 SL	170.805,26 €	42,08	51,00	8,50	3.140,41 €	5,00	55,58

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA	MEDIA 172.710,68
		Oferta	
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	179.902,80 €	



2	CONSTRUCCIONES RAFER SL	155.795,68 €
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL	182.014,96 €
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	181.500,00 €
5	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	166.245,38 €
6	VAZPER 3 SL	170.805,26 €

BAIXA
DESPROPORCIONADA
155.439,61

10% ARRIBA
189.981,75

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

- a) *Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:*

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES RAFER SL	100,00
2	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	60,72
3	VAZPER 3 SL	55,58
4	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	22,97
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL	21,53
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	18,63

- b) *Requirir á empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, - sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e a constitución da garantía definitiva por importe de 6.437,84 euros, (5% S/ adjudicación sen IVE), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.*

11. Por resolución da Presidencia de data 18/06/2021, con CSV: IV7E4SBTJ34SZWHTWJACAR36MQ, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 21/06/2021, rematando o prazo de presentación o día 05/07/2021. A mercantil CONSTRUCCIONES RAFER SL, presentou a documentación requirida o 28/06/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 29/07/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL con C.I.F. B-36052702 representada por D. María Jose Taboada Ramos con DNI ***2958**, a contratación da obra denominada CERVANTES.- MELLORAS LOCAIS NA LU-P-1401 "DA LU-723, POR DEGRADA E PIORNEDO, AO LÍMITE PROVINCIAL" NOS P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 E 19+100, no prezo de 155.795,68 €, dos cales 27.038,92€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras consistentes en executar 120 m de lonxitude de barreira de seguridade de madeira, coas características definidas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.140,41€ mais IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en



valor das obras executadas, a constitución e pagamento da póliza todo risco construción e achega do plan de seguridade e de acordo co establecido no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP

- 2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.*
- 3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.*
- 4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.*
- 5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.*

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL con C.I.F. B-36052702 representada por D. María Jose Taboada Ramos con DNI ***2958**, a contratación da obra denominada CERVANTES.- MELLORAS LOCAIS NA LU-P-1401 “DA LU-723, POR DEGRADA E PIORNEDO, AO LÍMITE PROVINCIAL” NOS P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 E 19+100, no prezo de 155.795,68 €, dos cales 27.038,92€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras consistentes en executar 120 m de lonxitude de barreira de seguridade de madeira, coas características definidas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.140,41€ mais IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras

executadas, a constitución e pagamento da póliza todo risco construción e achega do plan de seguridade e de acordo co establecido no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

“O representante legal do Concello de Ribadeo solicitou, o 27 de maio de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade (RE nº 2021RT005597), a subscrición dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta dunha actividade, na que



conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación dunha senda ciclable segura para a mocidade no Concello de Ribadeo”, engadindo documentación complementaria o día 24 de xuño (RE nº: 2021RT009122).

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

- Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 23 de xullo de 2021, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio, do gasto derivado da subscrición do mesmo, e a desestimación da solicitude de anticipo da achega solicitada polo Concello de Ribadeo.
- Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.
- Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.
- Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Á vista de toda a documentación, a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, informou favorablemente, o 5 de agosto de 2021, o texto do convenio proposto polo centro xestor.

Finalmente, á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 5 de agosto de 2021.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha

actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación dunha senda ciclable segura para a mocidade no Concello de Ribadeo”, por importe total de 319.974,57 €, dos que 250.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 69.974,57 € a cargo do Concello de Ribadeo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

3º.- Desestimación da solicitude de anticipo do 80% da achega solicitada, con dispensa de garantía, sen prexuízo da posibilidade de conceder o anticipo de ata o 10% de aquel importe polas operacións preparatorias que resulten necesarias para realizar as actuacións financiadas, unha vez asinado o convenio e cumpridos os requisitos que, a estes efectos, estean previstos no mesmo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato.

Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:



Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
00130A000227	ADGS CASTRO DE REI	2021-06-15	374,50 €	Cota ADGS 2021 1ª Fracción, Granxa Provincial 2021/FAC_01/001859	Servizos	2021-06-15
21TB 33	AGRO CASTRO, S.L.	2021-05-31	114,35 €	Nitróxeno Líquido para a Granxa Provincial 2021/FAC_01/001894	Subministros	2021-05-31
AF-4846	AFRICOR LUGO	2021-04-30	102,63 €	Cota Control Leiteiro mes de abril. 2021/FAC_01/001901	Servizos	2021-04-30
0209674	LUCUSVET SLP	2021-03-31	84,70 €	Servizos Veterinarios de podoloxía vacuno Granxa Provincial 2021/FAC_01/001950	Servizos	2021-03-31
0209672	LUCUSVET SLP	2021-02-28	84,70 €	Servizos Veterinarios de podoloxía vacuno Granxa Provincial 2021/FAC_01/001951	Servizos	2021-02-28
0210045	LUCUSVET SLP	2021-06-30	229,90 €	Servizos Veterinarios de podoloxía vacuno Granxa Provincial 2021/FAC_01/001952	Servizos	2021-06-30
C-3325	Carlos Suárez Fernández	2021-06-02	247,50 €	Servizos Veterinarios Reprodutivos e Tratamento Vacas Granxa Provincial 2021/FAC_01/001953	Servizos	2021-06-02
TOTAL			1.238,28 €			

Vistas memorias xustificativas emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estrictamente necesarios para a execución das prestacións provinciais

Vistos informes do Servizo de Contratación e Fomento

Vistos informe/s de Intervención

Vista Resolución da Presidencia de data 27/07/2021 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 1.238,28 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo as obrigas e propoñendo o pagamento da/s seguintes facturas, por un importe total de 1.238,28 €:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
00130A000227	ADGS CASTRO DE REI	2021-06-15	374,50 €	Cota ADGS 2021 1ª Fracción, Granza Provincial 2021/FAC_01/001859	Servizos	2021-06-15
21TB 33	AGRO CASTRO, S.L.	2021-05-31	114,35 €	Nitróxeno Líquido para a Granza Provincial 2021/FAC_01/001894	Subministros	2021-05-31
AF-4846	AFRICOR LUGO	2021-04-30	102,63 €	Cota Control Leiteiro mes de abril. 2021/FAC_01/001901	Servizos	2021-04-30
0209674	LUCUSVET SLP	2021-03-31	84,70 €	Servizos Veterinarios de podoloxía vacuno Granza Provincial 2021/FAC_01/001950	Servizos	2021-03-31
0209672	LUCUSVET SLP	2021-02-28	84,70 €	Servizos Veterinarios de podoloxía vacuno Granza Provincial 2021/FAC_01/001951	Servizos	2021-02-28
0210045	LUCUSVET SLP	2021-06-30	229,90 €	Servizos Veterinarios de podoloxía vacuno Granza Provincial 2021/FAC_01/001952	Servizos	2021-06-30
C-3325	Carlos Suárez Fernández	2021-06-02	247,50 €	Servizos Veterinarios Reprodutivos e Tratamento Vacas Granza Provincial 2021/FAC_01/001953	Servizos	2021-06-02
TOTAL			1.238,28 €			



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO PERÍODO DE EXECUCIÓN E DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE CULTURA DO CONCELLO DE CASTROVERDE, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Logo de ver a proposta da deputada delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económica por importe de 19.520.00€, para o programa de cultura do Concello de Castroverde denominado “Libro oficial sobre o Concello de Castroverde”.

Logo de ver o escrito do Concello de Castroverde, de data 17 de xuño de 2021, no que solicita a concesión dunha prórroga para a elaboración e xustificación da actuación “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde”, co mesmo prazo que os programas de fomento do emprego e de investimentos, que foi modificado mediante escrito de 18 de xuño de 2021, solicitando a concesión de prórroga para a elaboración e xustificación da actuación “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde”, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ampliando o prazo de execución ata o 30 de xuño de 2022 e o de xustificación ata o 15 de agosto de 2022.

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á solicitude do Concello de Castroverde relativa á concesión de prórroga para a elaboración e xustificación da actuación “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde”, por considerar aplicable a ampliación de prazos regulada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Logo de ver o informe do Servizo de Intervención desfavorable á solicitude do Concello de Castroverde sobre a concesión de prórroga para a elaboración e xustificación da actuación “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde”, tendo en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 se convoca todos os anos, réxese polo réxime de concorrencia non competitiva, limita a realización de gastos correntes ao ano corrente e non regula a posibilidade de prórroga e o seu procedemento; así mesmo, considera que por tratarse dun procedemento de concorrencia o principio de igualdade do artigo 14 da CE veríase afectado así como os dereitos de terceiros.

Logo de ver o informe do Servizo de Contratación desfavorable á solicitude do Concello de Castroverde relativa á concesión de prórroga para a para a elaboración e xustificación da actuación “Libro Oficial sobre o Concello de Castroverde”, tendo en conta que a data límite do vencemento do programa é o 31 de decembro de 2021, que as bases non prevén a posibilidade de ampliación de prazos de execución e xustificación, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, e que os concellos poderán renunciar ou desistir de executar ou realizar calquera actividade.

Con base no exposto propono que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Desestimar a solicitude de prórroga presentada polo Concello de Castroverde para a elaboración e xustificación do programa de cultura denominado “Libro oficial sobre o concello de Castroverde”, tendo en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 réxese fundamentalmente polas súas bases, que non prevén a posibilidade de prórroga das actividades, que se trata dun procedemento de concorrencia non competitiva, que se convoca todos os anos e que limita a realización de gastos correntes ao ano corrente; e, así mesmo, por tratarse



dun procedemento de concorrencia o principio de igualdade do artigo 14 da CE veríase afectado así como os dereitos de terceiros. Non obstante, o concello de referencia pode solicitar motivadamente unha modificación ou substitución, ou renuncia da actividade obxecto deste informe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE XUÑO, DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACÍONS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

En relación co recurso ao que se fai referencia no encabezamento, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mociade emitíuse, o 2 de agosto de 2021, informe do seguinte teor:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo resolveu, o 24 de maio de 2019, entre outros:

(...).

4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

*6. Aprobar o convenio de colaboración coa ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA (ACRUGA), titulado “CONVENIO DE ENTIDADE COLABORADORA ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E Á ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA (ACRUGA) PARA EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE “DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA INTEGRIDADE DA RAZA BOVINA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS LUCENSES”, EIXO 2: PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.
(...).*

Segundo.- A convocatoria e as bases que rexen a concesión das citadas subvencións publicáronse no BOP de Lugo, nº 135, do 14 de xuño de 2019.



Terceiro.- O 10 de xaneiro de 2021, D^a. María Luz Penín Rouco, con DNI n^o: ****7524**, presentou solicitude de subvención no marco da acción de fomento para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: “Promoción e potenciación de reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo”, anualidade 2020.

Cuarto.- En cumprimento do establecido nas Bases 9 e 10 das reguladoras das subvencións amentadas no apartado anterior, a entidade colaboradora (ACRUGA) instruíu e tramitou os expedientes, revisando o seu persoal técnico -actuando colexiadamente- as solicitudes presentadas, verificando que contiñan a documentación esixida na base 8 e emitindo un informe no que consta que da información que obraba no seu poder desprendíase que os beneficiarios cumprían tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Vista a documentación integrante do expediente e o dito informe técnico do órgano colexiado, a Xunta Directiva de ACRUGA formulou, o 3 de marzo de 2021, proposta de resolución, co carácter de definitiva, que foi notificada aos interesados por medio da publicación na páxina *web* de aquela (www.acruga.com), e remitida á Deputación de Lugo o día 10 do mesmo mes.

Quinto.- En fase de fiscalización do expediente, a Unidade de Intervención detectou que a solicitante non cumpría os requisitos esixidos na Base 3 das reguladoras das subvencións, por ter cesado na actividade económica o 23 de decembro de 2020, circunstancia que, por outra banda, non fora comunicada a ACRUGA.

En consecuencia, dende a Unidade de Medio Rural requiriuse á entidade colaboradora para que achegara a documentación integrante do expediente da solicitante e a formulación dunha nova certificación de beneficiarios das subvencións e a modificación da proposta de resolución, adaptando as relacións de beneficiarios propostos e de solicitudes desestimadas ao feito descrito, o que aconteceu o 11 de xuño de 2021.

Sexto. Fiscalizado favorablemente o expediente, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 18 de xuño de 2021, adoptou, entre outros, o Acordo de aprobar a proposta de

resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora o 11 de xuño de 2021 e de ditar resolución de concesión das subvencións, que foi notificada a ACRUGA o 22 de xuño de 2021 e aos beneficiarios por medio de publicación na páxina web de aquela, o día 24 do mesmo mes, tal e como está previsto na Base 10 das reguladoras das subvencións.

Sétimo.- Contra dita resolución, D^a. María Luz Penín Rouco (en adiante, a recorrente) interpuxo escrito no Rexistro electrónico desta entidade (RE nº: 2021RT011647), o 21 de xullo de 2021, do seguinte teor:

“Á EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Doña María Luz Penín Rouco, maior de idade, provista de dni número 76.575.242P, con domicilio a efectos de notificacións en lugar de Pereira, número 5, Furis, Castroverde (27123-Lugo), comparece e formula as seguintes:

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA

Que figura no listado de solicitantes desestimados das subvencións para dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses, eixo 2: promoción e potenciación de reproductoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020 (Aprobado por acordo da xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021)

SEGUNDA

Que figura como motivo da desestimación o número 8, é dicir, que incumpre a base 3.

TERCEIRA

Que esta parte cumpre o previsto na Base 3, que no seu apartado de beneficiarios establece que: “Poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles titulares de explotación gandeira que críen animais bovinos de pura raza Rubia Gallega inscritos no Libro Xenealóxico desta raza, xestionado por ACRUGA:

- *Gandeiro/a individual”*

Para acreditar este o cumprimento do requerido na Base 3, acompáñase co presente escrito, informe do servizo de Explotacións Agrarias que demostra a condición da alegante como titular da explotación e o correspondente rexistro.

En virtude do anteriormente exposto, SOLICITO que se teña por presentado este escrito coa documentación que o acompaña, procedendo a solventarse o erro detectado, declarando como beneficiaria da subvención para dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses a doña María Luz Penín Rouco.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I. Normativa aplicable

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP).

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local 8 (en adiante, LRBRL).



- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG).
- Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021) (en adiante, OXS).
- Bases para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro da acción de fomento para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses; Eixo 2: Promoción e potenciación de reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo (publicadas no BOP de Lugo, nº 135, do 14 de xuño de 2019) (en adiante Bases Reguladoras das Subvencións).

II. Lexitimación da recorrente

O artigo 112.1 da LPACAP require a condición de interesado para estar lexitimado na interposición dos recursos de alzada e potestativo de reposición. A recorrente ostenta a condición de interesado no procedemento ao abeiro do disposto no artigo 4.1.a) da LPACAP.

En atención ao anterior reconécese lexitimación activa á recorrente para a interposición do recurso potestativo de reposición obxecto deste informe.

III. Cualificación do escrito

O artigo 112.1 da LPACAP establece que *“contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta Lei”*, e cumprindo as formalidades establecidas no seu artigo 115.1.

Á súa vez, o artigo 123.1 da mesma Lei prevé que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditara ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, e

no artigo 124.1 especificase que o prazo para interpoñer o recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso.

A recorrente non alude no seu escrito presentado ante esta entidade o día 21 de xullo de 2021 a interposición de recurso administrativo algún, senón que se limita a expoñer a súa desconformidade coa resolución de concesión das subvencións e a solicitar que se teña por presentado o escrito, coa documentación que o acompaña, e que se proceda a emenda do erro detectado, declarando como beneficiaria da subvención.

Porén, en virtude da doutrina antiformalista do Tribunal Supremo en relación coa actividade da Administración Pública, recollida, entre outras, polas SSTS de 28 de outubro de 1991 (RJ 1991/8889), 19 de novembro de 1984 (RJ 1984/6223) e 16 de marzo de 1993 (RJ 1983/1441), corresponde cualificar o citado escrito para proceder á tramitación do correspondente procedemento.

Na citada STS do 28 de outubro de 1991 declárase que *“os recursos administrativos, na súa esencia, consisten nun acto do administrado por cuxa virtude solicítase da Administración que deixe sen efecto unha resolución anterior. Isto implica que o feito de que non se utilice a expresión <recurso> ou que non se cualifique este como de reposición, non pode ser obstáculo para entendela existente: os escritos –os actos- son o que son en razón do seu contido, independentemente da cualificación que se lles atribúa”*.

Neste senso se pronuncia o artigo 115.2 da LPACAP, ao dispoñer que *“o erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter”*.

No suposto que nos ocupa, do contido do escrito presentado despréndese claramente a vontade da recorrente de interpoñer un recurso contra o acto administrativo de resolución de concesión das subvencións.

Tendo en conta que a dita resolución pon fin á vía administrativa, en virtude do disposto nos artigos 52.2 da LRBRL e 63.2 do RLXS, podemos cualificar o escrito da recorrente como un



recurso potestativo de reposición contra o Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021 polo que se aprobou a proposta de resolución definitiva formulada pola entidade colaboradora (ACRUGA), o 11 de xuño de 2021, para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro da acción de fomento de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses; Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020.

IV. Prazo para a interposición do recurso potestativo de reposición

O prazo para a interposición do recurso de reposición será, consonte ao establecido no artigo 124.1 da LPACAP, dun mes, se o acto contra o que se interpón fora expreso.

Sendo que o acto impugnado foi obxecto de notificación aos interesados a través da súa publicación na páxina *web* da entidade colaboradora ACRUGA o 24 de xuño de 2021, e que o escrito cualificado como recurso potestativo de reposición obxecto deste informe tivo entrada no Rexistro telemático desta entidade o 21 de xullo do mesmo ano, o recurso está presentado en tempo hábil.

V. Competencia e prazo para resolver

De conformidade co establecido no artigo 123.1 da LPACAP, en relación cos artigos 52.2 da LRBRL e 63.2 do RLXS, a competencia para resolver o recurso de reposición obxecto deste informe corresponde ao órgano administrativo que ditou o acto impugnado, isto é, a Xunta de Goberno.

O citado recurso deberá ser resolto e a súa Resolución notificada no prazo máximo dun mes contado dende o día seguinte á interposición do mesmo, consonte ao establecido no artigo 124.2 da LPACAP, sen prexuízo do efecto desestimatorio do silencio administrativo que opera nos procedementos de impugnación de actos (artigo 24.1.III da mesma Lei) e da obriga da Administración de ditar resolución expresa, en todo caso, en calquera momento.

VI. Contido do recurso

Tal e como se reflicte no recurso interposto pola recorrente (reproducido literalmente no “Antecedente sétimo” deste informe), expónse no mesmo a desconformidade co acto recorrido, por considerar que a recorrente cumpre co previsto na Base 3, relativa aos beneficiarios das subvencións, pero só solicita que se teñan por presentado o escrito e a emenda do erro de non terlle concedida a condición de beneficiaria da subvención, sen indicar os motivos de nulidade ou anulabilidade nos que fundamenta o recurso.

Consonte ao establecido no artigo 112.1 da LPACAP, caberá fundar os recursos de alzada e potestativo de reposición en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 de aquela Lei.

Da conxunción do feito e da norma citados nos parágrafos anteriores, despréndese claramente, salvo mellor criterio, que o recurso formulado pola recorrente, non recollendo ningún motivo de nulidade ou anulabilidade da resolución recorrida, ten que ser obxecto de desestimación por carecer de fundamento.

VII. Sobre o incumprimento da Base 3 e a xustificación material da decisión contida na Resolución do 18 de xuño de concesión das subvencións

Sen prexuízo do anterior, procede, a xuízo deste centro xestor, entrar no fondo do asunto para aclarar o motivo da desestimación da solicitude de subvención formulada pola recorrente por incumprimento do establecido na Base 3 das Reguladoras das subvencións.

Consonte á citada Base 3, “*Poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles titulares de explotación gandeira que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega inscritos no Libro Xenealóxico desta raza...*”.

Por elo, ostentar a condición de titular dunha explotación gandeira convértese en requisito esencial para poder acceder ás axudas. Requisito que, ademais, haberá que poñer en relación, entre outros, co disposto na Base 4, relativa aos gastos subvencionables, que establece que “*as axudas serán concedidas por animal elixible e ano...*”.



Polo tanto, da interpretación conxunta destas dúas Bases, podemos concluír que a condición de titular da explotación deberá ostentarse durante o ano no que o animal cumpra o requisito para ser elixible: Ser unha femia de raza Rubia Galega que pase do Rexistro de Nacementos ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico de aquela raza bovina.

No caso que nos ocupa, a recorrente non ostentaba a condición de titular da explotación no ano no que os animais para os que se solicitaba a axuda pasaron do Rexistro de Nacementos ao Rexistro Definitivo (2020), pois, a documentación que obraba no expediente reflectía que:

1. A explotación na que se atopaban os animais para os que se solicitaba a axuda non figuraba ao seu nome no ano 2020, segundo constaba na copia do Libro de Explotación que ela mesma achegou e na que aparecía como titular D. José Francisco Lago Álvarez.
2. O cambio de titularidade da explotación en favor da recorrente tramitouse o día 4 de xaneiro de 2021, segundo consta en documento emitido polo Servizo de Explotacións Agrarias, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, que aquela tamén achegara.

Neste senso, cómpre ter en conta o disposto no apartado 1 do artigo 13 da LXS, relativo aos requisitos para obter a condición de beneficiario de subvencións. Consonte a aquel, *“poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria”*.

O apartado primeiro do artigo 13 da LXS transcrito, dende unha perspectiva negativa, exclúe a posibilidade de obter a condición de beneficiarios de subvencións ás persoas que non se atopen na situación que fundamenta a súa concesión ou nas que non concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

Polo tanto, incorrería en nulidade de pleno dereito (en aplicación do establecido no artigo 47.1.f) da LPACAP) a resolución de concesión das subvencións que recoñecera á recorrente a

condición de beneficiaria de subvención e, polo tanto, o seu dereito ao cobro da mesma, se, previamente a ser ditada, non concorreran en aquela as circunstancias previstas na Base 3.

Por todo o exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade INFÓRMASE a procedencia de desestimar o recurso de reposición interposto o 21 de xullo de 2021 por D^a. María Luz Penín Rouco (Rexistro de entrada nº: 2021RT011647), contra o Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021, de resolución da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020.”

Tendo en conta a documentación que integra o expediente e o citado informe, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D^a. María Luz Penín Rouco, o 21 de xullo de 2021, contra o Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021, de resolución da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020.

2º.- Notificar o presente Acordo á interesada en legal forma, con expresión dos recursos procedentes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e ratificación de resolución da Presidencia de 5 de agosto de 2021, relativa á avocación da *competencia delegada na Xunta de Goberno, para a modificación do prego reitor*



do alleamento de parcelas !de solo empresarial, propiedade da Deputación de Lugo, mediante poxa.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Á vista da Resolución do 5 de agosto de 2021 relativa á modificación do prego de cláusulas administrativas particulares reitor do alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación de Lugo, mediante poxa e co seguinte teor literal:

“Tras ver a proposta que textualmente di:

“Tendo en conta que por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xullo de 2021 aprobouse o Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación de Lugo, mediante poxa e publicado no BOP nº 172 do 29 de xullo de 2021.

Tendo en conta o contido da cláusula número 12, relativa á presentación de ofertas e documentación administrativa, que permite a presentación electrónica das solicitudes e co ánimo de garantir a confidencialidade das proposicións que se presenten, únicamente deberanse presentar e aceptar as propostas que se presente en soporte papel en sobre pechado.

Polo exposto e visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio de data 29 de xullo de 2021, PROPONSE á Presidencia se dite a seguinte RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno para a modificación do prego reitor do alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación de Lugo, mediante poxa.

SEGUNDO. Aprobar que a cláusula nº 12 do prego reitor do alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación de Lugo, mediante poxa e publicado no BOP nº 172 do 29 de xullo de 2021 quede redacta do seguinte teor:

“12. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

As ofertas presentaranse no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación que modifica o prego reitor do alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación de Lugo mediante poxa e que foi publicado no BOP nº 172 do 29 de xullo de 2021.

Os licitadores poderán realizar tantas ofertas como parcelas estean interesados en adquirir, aínda que só poderán presentar unha oferta por parcela.

Sen prexuízo do dereito para presentar ofertas individuais, os licitadores tamén poderán ofertas conxuntas, sempre que se trate de parcelas contíguas e poidan formar unha única parcela mediante a agrupación de todas elas. Para estes efectos, enténdese por oferta conxunta aquela na que o licitador só queira ser adxudicatario de todas as parcelas incluídas na súa oferta. En todo caso deberase indicar o prezo ofertado para cada unha das parcelas, individualmente.

Unicamente aceptarase a presentación de ofertas en papel. As ofertas presentaranse na Deputación de Lugo, en horario de atención ao público mediante cita previa no número 982.26.00.30 ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo postal, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama, no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. A acreditación da recepción do referido fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario provincial. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación.

En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.



A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo licitador das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres cerrados, firmados polo licitador e con indicación do nome e domicilio, a efectos de notificación, e indicando o seguinte: «Oferta para licitar a venta de parcelas do Polígono Industrial (indicando o Concello no que se sitúa)

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.*
- Sobre «B»: Oferta Económica.*

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a la Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica del empresario, CIF e escrituras de constitución da mercantil ou NIF do licitador, en caso de presentarse oferta por persoa física.*
- b) Si actúa por representación, documentos que acrediten a representación.*
- c) Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración (ANEXO IV).*
- d) Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes cos Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Os licitadores deberán achegar dita declaración responsable de acordo co ANEXO IV.*

SOBRE «B» OFERTA ECONÓMICA

— Oferta económica. Presentarase conforme ao modelo que figura no ANEXO III

TERCEIRO. Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia a citada modificación.

CUARTO. Someter á ratificación da próxima Xunta de Goberno Local que se celebre a presente resolución”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”

Tendo en conta o sinalado no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo fórmulase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Ratificar a Resolución da Presidencia de 5 de agosto de 2021”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adóptase o seguinte acordo:

Proposta relativa á aprobación da modificación do programa “Saborea a túa provincia”, da Área de Turismo da Deputación de Lugo.



Logo de ver a proposta da Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo

“Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o programa “Saborea a túa provincia”.

Visto que en sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo celebrada o día 09.05.2021, adoptouse o acordo de aprobación do programa Saborea a Túa Provincia por un importe de 100.000 €.

Visto que “Saborea a Túa Provincia”, é unha iniciativa de carácter itinerante pensada para abarcar toda a provincia a través de nove propostas gastronómicas (...) presentando catro espazos coas súas actividades, a saber:

Concertos, charlas e conferencias.

Demostracións culinarias, Show Cooking.

Escaparate de promoción de produtos.

Degustacións.

Visto que as previsións da incidencia da Covid-19 para o verán 2021 na data de aprobación do programa eran moi inferiores as actuais, pero debido a unha nova variante do virus elevou sustancialmente o índice de contaxios na provincia.

Co fin de evitar riscos innecesarios e que se poida producir algún gromo ou propragación da Covid-19 en algún dos eventos do Saborea A Túa Provincia, dende o servizo de Turismo consideramos necesario a contratación urxente de persoal e material para evitar calquera tipo de aglomeracións, así como ter identificados aos asistentes no caso de ser necesario a súa localización por mor dalgún positivo confirmado e poder enviar os datos ao Servizo Galego de Saúde, co fin de cortar a transmisión da Covid-19 e cumprir con todos os protocolos existentes nos eventos públicos en Galicia.

Visto que o crédito disponible para executar o programa a 05.08.2021 é de 2846,45 € e que a contratación necesaria de medios materiais e humanos para evitar aglomeracións, manter a hixiene necesaria e controlar aos asistentes é superior a 8.000 €.

Tendo en conta que neste mes de agosto estase a executar o programa, e os días 7 e 8 de agosto o programa celebrarase en Lourenzá e Valadouro respectivamente, consideramos urxente e xustifico a modificación do importe do programa “Saborea a Túa Provincia” aumentando a un total de 108.000 €, co fin de contratar ao persoal e material necesario para controlar aforos e hixiene co fin de minimizar os riscos de contaxio por Covid-19.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a urxencia da modificación do programa “*SABOREA A TÚA PROVINCIA*”, tendo en conta as circunstancias indicadas.

2º.- Aprobar o importe de 108.000 € para sufragar os gastos derivados da execución do programa “*SABOREA A TÚA PROVINCIA*”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.